



C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

5.- Os perceptores dos anticipos renderán contas dos gastos atendidos cos mesmos a medida que as necesidades de liquidez aconsellen a reposición dos fondos utilizados e, en todo caso, no mes de decembro de cada ano. As contas cos seus xustificantes serán aprobadas polo órgano competente que autorizou o gasto, previo informe da Secretaría-Intervención.

6.- De conformidade co establecido no artigo 190.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, os anticipos de caixa fixa non están sometidos a fiscalización previa. Establecerase un adecuado sistema de contabilización e control dos anticipos de caixa fixa.

7.- A contabilización, control e seguimento dos anticipos farase na forma prevista na Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

CAPITULO V: NORMAS XERAIS ÁS QUE DEBERÁN AXUSTARSE A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

BASE VIXÉSIMA PRIMEIRA.- SUBVENCIONS.

1.- As subvencións outorgaranse con carácter xeral baixo os principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade eficacia e non discriminación conforme o artigo 8 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o artigo 5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

2.- O feito de que figuren no orzamento do Concello desta forma, non significa que o beneficiario teña dereito á súa percepción, senón unicamente o importe máximo de subvención que pode outorgarlle o Concello. En todo caso, precisarase a adopción de resolución por Alcaldía, ou órgano en que delegue, que estableza a contía e as condicións en que se concrete cada subvención.

3.- As subvencións serán concedidas previa solicitude dos interesados; para a determinación da condición de beneficiario estarase ao que dispón o artigo 11 da LXS, admitíndose tal condición das agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, podan levar a cabo proxectos, actividades ou comportamentos ou que se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, previo cumprimento do requirido no artigo 11.3 parágrafo segundo da LXS.

4.- A documentación a presentar xunto coa solicitude, a documentación xustificativa da subvención, os requisitos para adquirir a condición de beneficiario e outras cuestións que se formulen no proceso de concesión e xustificación da subvención serán resoltas por aplicación dos preceptos da LXS, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS e da LSG.

A solicitude de subvención contará cando menos con:

- Instancia do peticionario.
- DNI do solicitante se é persoa física, ou do CIF se é persoa xurídica.





C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

- Memoria acreditativa dos fins para o que solicita a subvención.
- Declaración xurada de que a Entidade atópase ó corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non estar incursos nos supostos de prohibición de percepción de subvencións públicas.
- Declaración de subvencións, axudas e outros ingresos solicitadas e/ou obtidas para esta mesma actividade.

5.- De conformidade co previsto no artigo 22.2 da LXS e no artigo 19 da LSG, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios que a tales efectos se celebren de conformidade co previsto no artigo 28 da LXS. Para o exercicio de 2023, tramitaranse polo procedemento de concesión directa as subvencións que sexan solicitadas polas seguintes entidades, persoas físicas ou xurídicas que se citan a continuación, tendo como límite as cantidades que seguen, de conformidade coa consignación orzamentaria da correspondente aplicación:

Aplicación	Subvención/ Asociación	Euros
334.48	Asociación Anduriña de Fornelos de Montes	3.000,00 €
334.48	Fundación banda de gaitas da provincia de Pontevedra	5.720,00 €
326.48	ANPA Dr. Suárez	2.000,00 €
326.48	ANPA Valdarrosa	300,00 €
338.48	Comisión de Festexos de Fornelos (festas patronais)	10.000,00 €
338.48	Comisión de Festexos de Fornelos (entroido)	5.000,00 €
338.48	Festas patronais na que actúe a banda municipal de gaitas	600,00 €
TOTAL TRANSFERENCIAS CORRENTES		26.620,00 €

6.- Os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir polo Concello de Fornelos de Montes a través da planificación das subvencións que no seu caso se concedan, son, entre outros, o fomento da implicación dos veciños na vida municipal, o fomento da cultura, de actividades de lecer e esporexemento que melloren o nivel de satisfacción veciñal no seu conxunto, a conservación e rexurdimento dos costumes e tradicións da vila, así como mellorar o nivel de vida social, cultural,





C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

asistencial e sanitario da poboación rural. Para elo, e sen prexuízo das subvencións que se tramiten, establécese unha marxe de consecución anual para cada actividade, de tal forma que deben estar rematadas e xustificadas antes do 31 de decembro, acudindo para a financiación das subvencións que se concedan aos recursos propios da Corporación.

7.- A xustificación das subvencións realizarase mediante a rendición da conta xustificativa que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, na que se debe incluír baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. A conta deberá incluír declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención e o seu custo coa desagregación de cada un dos gastos incorridos. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente coa validez no tráfico xurídico mercantil, ou coa eficacia administrativa, polo que non serán aceptados os documentos de "RECIBÍ". As facturas e demais documentos xustificativos serán orixinais, ou ben presentaranse orixinais e copias para poder validar estas últimas.

8.- Nas subvencións que conceda o Concello, poderá de maneira excepcional e extraordinaria, anticiparse o pago de ata o 100 % do total concedido. O acordo de anticipo seguirá os trámites dos pagamentos a xustificar previstos na Base 19ª e no expediente deberá constar acreditación de:

- A concesión da subvención a un suxeito determinado e identificado.
- Que se respecte a legalidade aplicable en materia de subvencións.
- A sinatura do compromiso de presentar os xustificantes da realización efectiva da actividade que se subvenciona e do importe concedido. A forma de xustificación será xeral para todo tipo de subvencións. O compromiso de xustificar os fondos percibidos efectuarase en modelo normalizado aprobado ao efecto.
- Acreditación do beneficiario de estar ao corrente nos pagos das súas obrigas coa Seguridade Social, Axencia Tributaria do Estado, Axencia Tributaria de Galicia e Concello.
- Indicación expresa do prazo de xustificación da subvención que, en todo caso, non poderá ser posterior ó 31 de decembro do exercicio en que se conceda.

CAPITULO VI: NORMAS XERAIS DO PERSOAL:

BASE VIXÉSIMA SEGUNDA.- DO PERSOAL.

1.- A aprobación do cadro de persoal e do anexo de persoal polo Pleno supón a aprobación do gasto dimanante das retribucións. Os dereitos retributivos dos funcionarios e do persoal laboral fixo será os que veñan atribuídos no anexo de persoal do orzamento xeral do Concello de Fornelos de Montes.

O resto do persoal laboral temporal percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co especificado no seu contrato laboral correspondente, e dependendo da subvención concedida.

